

A LAGOA DO GANSO SALVAXE

Diao Yinan, 2019

633

ESTREA EN NUMAX: 31.01.2020 | V.O.S.E. | +16

Nan Fang Che Zhan De Ju Hui (2019, 117')

Dirección: Diao Yinan

Guión: Diao Yinan

Elenco: Gwei Lun-Mei, Hu Ge, Liao Fan, Regina Wan, Zeng Meihuizi, Huang Jue, Qi Dao

Son: Yang Zhang

Fotografía: Dong Jingsong

Montaxe: Jinlei Kong, Matthieu Laclau

Dirección de arte: Qiang Liu

Vestuario: Hua Li

Produtora: Green Ray Films, Memento (China)

Distribuidora: Karma Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Chinés

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2019 (Sección Oficial),
Donostia 2019 (Zabaltegi-Tabakalera)

FILMOGRAFÍA

Black Coal, 2014
Night Train, 2007
Uniform, 2003

SINOPSE

Zhou Zenong é un gánster que, recién saído da cadea, se converte en fuxitivo tras unha reunión de bandas que acaba coa morte dun policía. Tentando agocharse mentres se recupera das súas feridas Zhou coñece a Liu Aiai, unha prostituta que poder ter sido enviada para axudalo ou ben para entregalo ao capitán da policía por unha importante suma. Perseguido polas bandas e por un dispositivo policial que parece abranger toda a cidade, Zhou deberá enfrontarse aos límites do que está disposto a sacrificar tanto pola estraña muller como pola familia que deixou atrás.

«O film noir reconvertido nunha macabra e fascinante sinfonía visual»

Nando Salvà, CINEMANÍA



A LAGOA DO GANSO SALVAXE

Diao Yanan, 2019

EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“A noite engade un filtro á miña conciencia permitíndome ser máis arriscado”

Entrevista con Diao Yanan

N'A lagoa do ganso salvaxe crúzanse dous mundos: o do «Jiang Hu», ou baixos fondos criminais, e o da policía. De onde vén esa idea? Teño un amplo coñecemento e experiencia da vida nas cidades de segundo e terceiro nivel en China. Coñézoas tan ben que poderías atopar ecos das miñas historias inventadas na vida real. O Jiang Hu (baixos fondos) que comentas existe nas aforas das cidades en constante crecemento e, para min, a escolla foi instintiva. O romance máis profundo só existe no Jiang Hu. O espazo no filme é sórdido, contaminado e primitivo. Os filmes criminais non existen sen a policía e o Jian Hu tampouco. A diferenza é que amoso a policía con roupa de rúa para que parezan parte do medio, en lugar da imaxe limpa, civilizada e uniformada habitual. Pénsase neles como dous mundos distintos. Porén, para min, coexisten nun mundo, entrelazados e en paralelo, dependentes os uns dos outros e inseparábeis.

A primeira impresión do filme é que se trata de cinema negro, cun

heroe romántico e unha femme fatal. Pero estes dous elementos teñen variacións: o ladrón segue a tradición do personaxe masculino romántico dos filmes de Kung Fu, mentres a prostituta encarna os conceptos Xia (cabaleiría) e Yi (lealdade) de A Touch of Zen (King Hu, 1971). Cando escribía o guión non me propuxen distinguilos adrede. Coido que o cinema negro en Occidente e a busca do romance no cinema Wuxia¹ son comparábeis. A diferenza é que no cinema Wuxia hai máis énfase no poético e o estético, mentres que o cinema negro enfatiza o destino (ou a súa aceptación), a escuridade da noite, a corrupción social e o desexo. Se existen variacións nos meus personaxes están reflectindo a complexidade do ser humano e o seu lado escuro. A aparición do Xia e o Yi non soe ser planeada de antemán. É máis probábel que agrome no encontro, normalmente súpeto, e que os personaxes fiquen atrapados nun remuíño de emocións e desexos inmediatos.

Vostede ten unha afinidade especial polas escenas nocturnas e mesmo foi alcumado o poeta da noite. A protección da noite é necesaria para a retirada e a fuxida. Como ben di, a noite evoca unha sensación de misterio e está vinculada á morte. A noite é como un filtro extra na cámara, a escuridade ten a elegancia e sinxeleza dunha fotografía en branco e negro. A noite tamén engade un filtro á miña conciencia, permitíndome deixarme levar polo subconsciente e ser máis arriscado. Tamén está o silencio da

noite. Un raio de luz podería case facer ruído neste silencio. Estou namorado das sombras que xeran a luz e a escuridade. Nunca me canso de capturalas coa cámara.

Por que escolleu Wuhan como localización? A medida que a trama da historia avanzaba, precisaba dunha gran zona de lagoas nas aforas dunha cidade e Wuhan coñécese como a cidade dos cen lagos. Os peiraos, xunto á industrialización e o desenvolvemento urbano, traen canda si unha sorprendente variedade de escenas. Porén, non tiña a intención de representar un Wuhan realista. Para min, a historia transcorre nunha cidade indeterminada do sur da China, nun espazo abstracto.

1. Xénero específico da cultura chinesa onde se cruza o concepto *wu*, que alude a todo o que ten a ver coas artes marciais, a guerra ou o exército, e *xia*, que é o protagonista da ficción *wushu*, tamén sinónimo de cabaleiría.

Publicado en <https://segarradistribucion.com>
Tradución: Xan Gómez Viñas

O director

Diao Yanan (Xi'an, China, 1969) gradúase na Central Academy of Drama de Beixín en 1992. Desde entón traballou como guionista para directores como Shi Runjiu ou Zhang Yang e dirixe tres filmes antes d'*A lagoa do ganso salvaxe*: *Uniform* (2003), *Night Train* (2003), estreado en Un Certain Regard de Cannes e *Black Coal, Thin Ice* (2014), gañadora do Oso de Ouro na Berlinale.

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



MARTA XA TEN O SEU ABONO PROTEXE

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compárteala.

#eusondennumax